



A vella igrexa de san Xoán.
Félix Álvarez, sxlouredo.blogspot.com

Desacralizada, ca espadaña tirada na parte traseira, dunha sola porta, vendida no primeiro cuarto do pasado século. Falaban se non tería enterramentos no seu interior e de que o último fora dun veciño da Raíña, pobo cercano a Piñón.



Na ficha patrimonial do PXOM localízana no Outeiriño e caaaaaaaase acertan, pois onde está é no [barrio de Louredo](#), inda que do Outeiriño queda a uns poucos metros, pois o barrio podemos dicir que se entra nel ó cruzar o camiño asfaltado. De todas, anotamos outra corrección ás fichas institucionais.

NOME: Capela de San Xoán de Louredo	CÓDIGO DO ELEMENTO: 1-8
LUGAR: O Outeiriño	LOCALIZACIÓN EN PLANO: EX-03
PARROQUIA: San Xoán de Louredo	
CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural Histórico	
CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-H	
GRADO DE PROTECCIÓN: Integral	
	
	ADSCRICIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura Religiosa
	ADSCRICIÓN CULTURAL: Popular
	CRONOLOXÍA: Século XVII?
	PROPIETARIO:
	USO ACTUAL: Alpendre
	ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo
DESCRICIÓN: Edificio de planta rectangular, muros portantes de cahotería de granito á vista, cuberto a dúas augas e cubrición de tella plana. Fachada de esquema pentagonal onde destaca a ausencia da espadana, da que só se conserva a base con cornixa moldurada.	

se a mesma dirección do apartado patrimonial do PXOM de Ourense, en sendo redunante a da _____, con especificación por sección de que se trata. O.A. SECRETARÍA

Di a descrición: *Edificio de planta rectangular, muros portantes de cahotería de granito á vista, cuberto a dúas augas e cubrición de tella plana. Fachada de esquema pentagonal onde destaca a ausencia da espadana, da que só se conserva a base con cornixa moldurada.*

Ben, pois apuntamos outro erro, xa que a espadana está onda a [igrexinha](#), só que tirada na parte traseira, entre herbas. E parece completa ou case.





